

Bo día,

Este é o primeiro número do noso boletín sindical. Con el pretendemos dar conta das nosas iniciativas e opinións nos temas que afectan ao PDI, informando ao mesmo tempo ao colectivo dos asuntos que se traten na Xunta de Persoal Docente e Investigador (XPDI). Asemade a AGPTU mantén a súa actividade como asociación e pódese ver máis información na páxina <http://webs.uvigo.es/agptu/>

Pretendemos darlle ao boletín unha certa periodicidade, sen excluír a posibilidade de redactar algún número extraordinario se fose preciso. Tamén nos gustaría que esta publicación servise de canle de unión constante entre AGPTU e o PDI, polo que podedes enviar as vosas queixas, suxerencias, críticas, etc. á nosa dirección de correo electrónico agptu@uvigo.es.

Empezamos por recordaros que a AGPTU se presentou por primeira vez ás eleccións á Xunta de PDI (XPDI) no ano 2003, acadando 6 representantes dun total de 21. Neses primeiros 4 anos de traballo, cunha XPDI presidida pola UXT, tentamos por todos os medios dinamizar este órgano de representación. Proba disto foi que, diante do incumprimento reiterado de convocar as reunións ordinarias que o regulamento da XPDI establece, a AGPTU foi o único sindicato que obrigou a reunir á XPDI presentando para iso no rexistro as correspondentes peticións avaladas polas sinaturas dos seus representantes. Desta etapa pódese ver máis información na sección correspondente da nosa páxina web.

No ano 2007 volvéronse convocar eleccións á XPDI, desta volta separando PDI funcionario e con contrato administrativo do PDI laboral. Acadaron representación cinco sindicatos: CIG (6 representantes), UGT (5 representantes), AGPTU (5 representantes), CCOO (3 representantes) e CSIF (2 representantes). Nunha primeira ollada aos nomes dos elixidos, o primeiro feito salientable é a escasa proporción de mulleres (1 CIG, 1 UXT, 1 CCOO e 3 AGPTU), pondo de manifesto que, no camiño da igualdade, uns temos mais camiño andado cá outros.

A primeira xuntanza da XPDI celebrouse o 26 de xuño do 2007. Nela saíu elixido presidente o candidato presentado pola CIG, D: Camilo Vázquez García, que substituíu ao anterior presidente D. Joám Santamaría Conde (da UXT). Acordouse tamén que o novo presidente solicitaría un encontro (de cortesía) co Reitor.

O 19 de xullo do 2007 celebrouse a primeira xuntanza con novo presidente onde se nos informou da visita ao Sr. Reitor e se acordaron algúns temas de organización.

Afortunadamente, o cambio na presidencia da XPDI non foi só de nomes. O novo presidente comprometeuse a dinamizar a actividade da xunta, facendo da súa existencia algo máis que unha imposición legal. Dende a AGPTU esperamos que siga cumprindo a xeito o seu compromiso. Como exemplos do que estamos a dicir, indicar que a XPDI se está convocando con periodicidade, e que o novo presidente atende os rogos e preguntas que os nosos representantes lle trasladan. Pero ademais do talante, hai tamén feitos, e entre eles (é se cadra o máis salientable) está o contar por fin cunha páxina web (<http://webs.uvigo.es/xuntapdi>) na que o PDI xa pode consultar o nome dos seus representantes, as actas aprobadas e os comunicados emitidos.

Na seguinte reunión da XPDI realizada o 9 de novembro, acordamos un mecanismo de funcionamento baseado na constitución de comisións específicas, cada unha encargada dunha área de traballo, tal e como se describe na [táboa adxunta](#).

Como asunto de especial importancia tratouse por separado o problema da vinculación dos resultados das enquisas de avaliación docente coa concesión de quinquenios. Para ese tema constituíuse unha comisión que comezaría a traballar de inmediato. Como é sabido, a comisión non acadou o resultado esperado, e por iso a XPDI tomou a iniciativa de pedir o PDI que non permitira a realización da enquisa. Sobre este asunto o acordo entre os sindicatos é total, e haberá novas iniciativas nos vindeiros meses, que polo de agora non convén desvelar.

Cómpre dar conta dunha terceira xuntanza da XPDI o pasado 12 de marzo de 2008, onde se retomou o tema das enquisas, acadouse un acordo a respecto da finalización dos contratos administrativos e constituíronse formalmente as diferentes comisións coa representación que se inclúe na columna terceira da [táboa](#) (os membros da AGPTU figuran sinalados cun*)

Do traballo das diferentes comisións recibiredes información nos futuros boletíns.

Finalmente, é preciso dar conta tamén dun asunto desagradable. Como dicíamos ao primeiro, son cinco os sindicatos representados na XPDI. Pero deles hai un, a CSIF, que xamais asistiu a ningunha xuntanza da mesma. Tampouco se lle coñece iniciativa de ningún tipo. Non hai que esquecer que o feito de ser membro da XPDI permite a cada representante unha desgravación docente de ata seis créditos por ano, polo que entendemos que esta actitude tan pouco ética desprestixia e prexudica ao conxunto do movemento sindical, e por iso pensamos que debe ser coñecida polo PDI. Ao cabo, non é o mesmo servir ao PDI que servirse do PDI.

Saúdos e ata a próxima,

AGPTU - VIGO